# *Procedemento de reclamación das cualificacións finais*

… das decisións de promoción e obtención de título académico ….

*Orde do 2 de marzo de 2021, pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*
*DOG núm. 48, do 11 de marzo de 2021*

*Circular 2/2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2020-2021.*

# PROCEDEMENTO DE REVISIÓN NO CENTRO
## Curso 2022/2023 – Convocatoria ordinaria - 2º BACH.

Avaliación: **16 de maio 2023**
Entrega de boletíns de cualificación: **16 de maio 2023**

***Día***

| Día | | |
|---|---|---|
| **16 e 18** | Solicitude de **aclaración** sobre valoracións, cualificacións finais ou decisións … | |
| | Quén | Alumnado e persoas proxenitoras/titores legais |
| | Ante quén | Ante o profesorado e titor docente |

| Día | | | |
|---|---|---|---|
| **18 e 19** | **Solicitude de revisión** | | |
| | Quén | Alumnado maior de idade ou persoas proxenitoras/titores legais | |
| | Cando | 2 días lectivos contados desde a comunicación das cualificacións | |
| | Ante quén | Xefatura de Estudos | Traslado ao departamento correspondente |
| | | | Comunicación a titor/a |

| **Revisión cualificación final** | | *Revisión **promoción** ou titulación* |
|---|---|---|
| **22** | Informe do departamento, modificando ou ratificando a cualificación | *Reunión extraordinaria do equipo docente que decidirá a modificación ou ratificación motivada e razoada.* |
| **22** | Traslado do informe á Xefatura de estudios | *A dirección do centro comunicará ao alumno e familias a decisión de promoción ou titulación* |
| **22** | A Xefatura de estudos **comunicará ao alumnado e familias** a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada | |
| | Comunicación ao titor/a | |

A secretaría dilixenciará as actas de avaliación final nos casos que proceda.

| | | |
|---|---|---|
| **23 e 24** | **ANTE A XEFATURA TERRITORIAL** | |
| | Quén | Alumnado maior de idade ou persoas proxenitoras/titores legais |
| | Onde se presenta | Nas oficinas de secretaría, dirixido á dirección do centro |
| | Cando | 2 días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada. |
| | Ante quén | Ante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de Pontevedra |

| | |
|---|---|
| **24** | **Comunicación á Inspección educativa** |
| | **Confección do expediente de reclamación:**<br>Cada expediente de reclamación referirase a un só alumno ou alumna e a unha soa área, materia ou ámbito e estará conformado polos seguintes documentos<br>a) **Escrito do/a alumno/a**, persoa proxenitora ou persoa que ostente a representación legal manifestando o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á Xefatura Territorial.<br>b) **Informe do/a director/a do centro**, no que consten as datas de entrega das cualificacións e das distintas comunicacións ao/á alumno/a ou ás súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.<br>c) **Copia da reclamación razoa da presentada polo/a alumno/a**, as súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal ante a dirección do centro.<br>d) **Informe documentado do/a profesor/a da materia** respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso.<br>e) **Copia do informe motivado do departamento** da materia da que se solicita a revisión.<br>f) **Copia da comunicación da decisión adoptada da xefatura de estudos**.<br>g) **Copia da programación didáctica** do departamento da materia da que se solicita revisión, na que consten os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación e cualificación da materia.<br>h) **Copia dos instrumentos de avaliación empregados**: exames, traballos e rexistros escritos, e demais material elaborado polo/a devandito/a alumno/a ao longo do curso na materia obxecto da reclamación. No caso de convocatoria ordinaria deberanse enviar todos os instrumentos do curso. No caso de convocatoria extraordinaria remitirase só a citada proba.<br>i) **Copia da acta de avaliación** ordinaria ou extraordinaria. |
| **25** | **Remisión do expediente**<br>A través da SEDE ELECTRÓNICA empregando unha solicitude xenérica PR004A dirixida á Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Universidade, indicando no asunto relacionado "Reclamacións cualificacións finais" |

| | | |
|---|---|---|
| | | Informe de Inspección educativa |
| | 15 días hábiles | Resolución da Xefatura territorial |
| | Comunicación ao centro para adopción de medidas acordadas e notificación aos interesados. | |
| | Dilixencia de actas pola secretaría do centro, se procede. | |